



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA DE LA XUNTA DE GALICIA
Y UNRWA (AGENCIA DE NACIONES UNIDAS PARA LOS REFUGIADOS DE
PALESTINA) ESPAÑA, PARA EL PROYECTO “CONTRIBUYENDO A LA
SUPERVIVENCIA DE LA POBLACIÓN REFUGIADA PALESTINA A
TRAVÉS DE ARTÍCULOS ALIMENTARIOS”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia, e xeográfico, os territorios ocupados palestinos no destino de este tipo de axuda.

(2) Antecedentes:

A situación nos territorios ocupados de Palestina e concretamente na Franxa de Gaza, é crítica dende fai varios anos, os continuos enfrontamentos e bloqueo do Goberno Israelí ten sumida á poboación palestina nunha crise humanitaria de longa duración.

No ano 2010 asinouse coa UNRWA un Memorando de entendemento a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de cooperación e axuda humanitaria para contribuír a mellorar as condicións de vida dos refuxiados palestinos. En concreto, desenvolveuse un plan operativo en apoio ao programa de seguridade alimentaria de nenos e nenas na franxa de Gaza que obtivo moi bos resultados. O importe deste plan operativo foi de 20.000 €.

No ano 2011, trala extinción da FAHG, retomouse o apoio a esta Axencia das Nacións Unidas dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinándose un convenio de colaboración para apoiar o programa de “compensación alimentaria escolar da UNRWA en Gaza” por importe de 25.000 €.



No ano 2012 apoiouse novamente o citado programa de compensación alimentaria escolar en Gaza, coa sinatura dun convenio por importe de 25.000 €.

No 2013, en substitución do programa de compensación alimentaria escolar, asinouse un convenio para o apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na Franxa de Gaza, por importe de 10.000 €.

No 2014 asinouse un primeiro convenio para dar continuidade ao noso apoio ao programa de compensación alimentaria familiar para reducir o impacto do bloqueio sobre as familias refuxiadas máis necesitadas, por importe de 20.000 €. Ademais o empeoramento da situación en Gaza, despois da operación Protective edge, fixo que se asinara un segundo convenio para brindar apoio psicosocial ás vítimas, por importe de 19.975 €.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á asistencia humanitaria á poboación palestina, asinouse un convenio, co data 13 de maio de 2016, coa Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina, UNRWA España e por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

(4) O convenio ten por **obxecto** reducir o impacto do conflito e a crise humanitaria na vida da poboación en situación de maior vulnerabilidade da Franxa de Gaza, incrementando o balance nutricional e aporte calórico da poboación en situación de maior vulnerabilidade da Franxa de Gaza a través da provisión de cestas alimentarias de alto valor calórico.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrencia pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financia o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. do 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

